

ÚLTIMAS NOVAS

CARREIRA PROFESIONAL

NOVO PRAZO ADICIONAL DO GRAO INICIAL CON EFECTO RETROACTIVO

CIG-Saúde acada o acordo dun novo e derradeiro prazo adicional para presentar solicitudes de **grao inicial con efectos retroactivos ata o 7 de agosto de 2018**:

- para todos/as aqueles/as profesionais que non teñen solicitado o grao inicial.
- e, para os/as que poden mellorar a retroactividade do grao inicial xa solicitado.

Este prazo abrirase nos próximos meses de marzo e abril.

ENCADRE E CARREIRA ORDINARIA DO ANO 2023

Hai preto de 10.000 profesionais cunha **avaliación favorable** co que se estima que se lle **aboará un novo grao de carreira profesional na nómina de febreiro** con efectos retroactivos ao 1 de xaneiro de 2024.

As solicitudes que están en trámite de alegacións, resolveranse en febreiro-marzo.

ACORDO "RÍO HORTEGA / JUAN RODÉS" (DOG 25/01/2024)

Mandaranse os modelos de comunicación ás persoas interesadas **a próxima semana**, para que os presenten.

- Un modelo sería para o persoal que ten actualmente un contrato laboral Río Hortega ou Juan Rodés vixente, que se transformaría nun contrato estatutario.
- O outro, para o actual persoal estatutario que anteriormente estivera contratado cuns deses contratos laborais.

Os servizos prestados como laborais Río Hortega ou Juan Rodés serán computados como estatutarios a efectos de carreira profesional a quenes presenten a solicitude.

Seguiremos informando.

